



**BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA**

**MEMORIA  
2005**





**BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA**

MEMORIA  
2005

Aprobada na Comisión da BUSC de 25 de abril de 2006

# BUSC – Memoria 2005

## INDICE

- 1 Presentación
- 2 Presuposto
- 5 Personall
- 8 Instalacións e equipamento
- 10 Desenvolvemento das coleccións
- 13 Base de datos bibliográfica e procesos
- 17 Servizos
- 27 Redes, cooperación e proxección exterior
  
- 31 Anexo I estatístico
- 41 Anexo II

## PRESENTACIÓN

O ano 2005 a Biblioteca adicou o seu esforzo ao cumprimento daquelas accións de mellora que podía abordar directamente, neste senso levouse a cabo o desenvolvemento do proxecto da bibliografía recomendada, a implantación regulamentada dos cursos de formación de usuarios e o establecemento da Intranet como eixo da comunicación entre o persoal da BUSC.

O establecemento de varias estacións de traballo para alumnos pódese tamén salientar coma outra das accións de mellora abordadas. Os custos das instalacións foron sufragados pola Vicerreitoría de Calidade e Planificación Estratéxica e pola Dirección da Escola Universitaria de Enfermería.

No mes de decembro completábase o amoblamento das instalacións do novo punto de servizo da BUSC na Facultade de Filosofía, no seu novo emprazamento de Mazarelos. No momento da redacción desta Memoria se está a proceder á instalación dos fondos bibliográficos así como á instalación dos equipos de traballo. A súa apertura está prevista para o vindeiro mes de abril.

No tocante ao persoal hai que destacar sen dúbida a realización do proceso de promoción do persoal do Grupo IV Laboral a Grupo C Funcionario polo que 79 traballadores da Biblioteca, tralo curso e as probas realizadas, pasaron a ter esta condición.

No mes de decembro tivo lugar a primeira das reunións da Subcomisión do Plano Estratéxico da BUSC. A Subcomisión tentará levar adiante aqueles obxectivos derivados do Informe de Avaliación que non pode ser realizados sen a colaboración doutros axentes universitarios, así como o establecemento das bases de actuación da BUSC cara ao inminente EEES.

A posición da BUSC no contexto de Rebiun (Rede de Bibliotecas Universitarias Españolas) seguiu a ser destacada no tocante aos capítulos de préstamo por usuario e préstamo interbibliotecario, e en gasto en recursos electrónicos sobre o total, sen embargo, a baixada experimentada, xa dende hai tres anos, no presuposto adicado a adquisicións de monografías reflíctese no posto ocupado, moi baixo, nos apartados Rebiun de gasto en monografías sobre o total e incremento de monografías en papel por usuario.

Segue a ser un feito negativo a destacar a case que completa saturación dos depósitos dos distintos puntos de servizo da BUSC canto das posibilidades de almacenamento. A creación dunha biblioteca depósito, solicitada dende hai anos e plasmada no primeiro dos planos estratéxicos da USC, pero soamente abordada en teoría, non parece poder agardar moito tempo máis.

## PRESUPOSTO


O presuposto da Biblioteca para o ano 2005 ascendeu a 2.813.000 € (un 3,20% menos que en 2004). A táboa seguinte reflicte a distribución por capítulos e a relación porcentual respecto do ano 2004.

PRESUPOSTO DA BUSC 2005		% RESPECTO A 2004	
Capítulo 2	Aplicación 220	131.000 €	0 %
Capítulo 6	Aplicación 627: Adquisición Libros	660.000 €	11,86 %
	Aplicación 627: Adquisición Publicacións Periódicas	2.000.000 €	-7,40 %
	Aplicación 626	22.000 €	0 %
<b>TOTAL</b>		<b>2.813.000 €</b>	<b>-3,20 %</b>

A aplicación 627 incrementouse con 65.000 € procedentes das devolucións dos editores que estaban pendentes dende que se fixo o cambio ás edicións electrónicas de revistas adquiridas de xeito consorciado a través de Bugalicia. Esta cantidade adicouse na súa totalidade a adquisición de bibliografía para alumnos, por acordo da Comisión da BUSC.

## ADQUISICIÓNS BIBLIOGRÁFICAS

No seguinte gráfico pode verse a evolución do presuposto ordinario destinado a adquisicións bibliográficas durante os últimos anos.



O custo das publicacións periódicas en 2005 foi de 2.069.839,54 € desglosada do seguinte xeito:

Publicacións periódicas estranxeiras (Swets)	901.836,97 €
Publicacións periódicas españolas	41.538,37 €
Paquetes de revistas adquiridos consorciadamente	1.126.464,18 €
	<b>2.069.839,52 €</b>

Como en anos anteriores, o crédito ordinario de adquisicións bibliográficas incrementouse con diversas aportacións:

Neste apartado é necesario salientar que no ano 2005 non houbo convocatoria das Axudas para Infraestrutura da Xunta de Galicia. Salientar, tamén, unha aportación da Facultade de Bioloxía (5.784€), enmarcada na "Axuda para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia no marco de construción do EEES" que concederon os Vicerreitorados de Calidade e Planificación Estratéxica e o de Organización Académica e Profesorado á Facultade de Bioloxía.

<b>Aportacións para a adquisición de materiais bibliográficos</b>	
<b>Aportacións de Centros</b>	46.448,34 €
<b>Aportacións de Departamentos e Proxectos</b>	169.873,93 €
<b>Descontos en librerías</b>	17.034,51 €
<b>TOTAL</b>	<b>233.356,78 €</b>

As aportacións máis salientables por parte dos centros, departamentos e proxectos reflíctense no seguinte cadro:


	Centros	Deptos., Proxec.	Total
<b>Filoloxía</b>	30.000,00 €	100.335,04 €	130.335,04 €
<b>Dereito</b>		114.574,00 €	114.574,00 €
<b>Xeog. E Historia</b>		20.500,00 €	20.500,00 €

Nos presupostos para a adquisición de publicacións unitarias volveron a producirse remanentes nalgúns centros pero ningún deles chega ao 10% do presuposto, proporción establecida pola Xunta de Goberno para que os remanentes se incorporen ao presuposto ordinario da BUSC do vindeiro ano.

Contando coas diversas aportacións, a cantidade total adicada a adquisicións bibliográficas ascende a 3.159.120,72 € (Monografías: 973.736,44 € e publicacións periódicas: 2.185.384,28 €).

## EQUIPAMENTO E MANTEMENTO

A cantidade total adicada a mantemento foi de 242.740,76 € (facturado: 209.833,47 €) e a equipamento 98.442,62 €. Con respecto a estes dous apartados, hai que destacar, un ano máis, que grazas aos ingresos por servizos (Préstamo Interbibliotecario) se puido facer fronte aos gastos habituais.



Canto das aportacións adicionais para equipamento e mantemento, son as seguintes:

<b>Aportacións en equipamento e mantemento</b>	
<b>Aportacións de Centros</b>	27.684,90 €
<b>Ingresos por servizos</b>	31.970,53 €
<b>TOTAL</b>	<b>59.655,43 €</b>

## PERSOAL

A finais de 2005, a BUSC contaba co seguinte persoal:

PERSOAL DA BUSC - ANO 2005	
Escala de Facultativos de Bibliotecas	15
Técnico de Documentación Informatizada (Lab. Gr. I)	1
Escala de Axudantes de Bibliotecas	55
Auxiliares Administrativos	7
Auxiliares de Biblioteca (Func. C) /Auxiliares Técnicos de Bibliotecas (Lab. Gr. IV)	113
Porteiros Maiores	2
Auxiliares de Servicios. Área de Conserxería (Lab. Gr. V)	4
<b>TOTAL</b>	<b>197</b>

Neste cómputo inclúese o persoal contratado a tempo parcial para ampliacións horarias da Biblioteca nos sábados e domingos, e o persoal contratado a tempo parcial para a apertura nocturna en períodos de exames.

A distribución do persoal que desenvolveu as súas tarefas na BUSC en 2005 por puntos de servizo, incluíndo as xornadas parciais, é a seguinte:

BIBLIOTECA	Facultativos	Axudantes	Admin.	A.B./A.T.B	Sab/Dom/ nocturna	Conserxería	Tco. Doc.	TOTAL
BUSC	5	1					1	7
B. Xeral	4	13	5	13	4	3		42
Bioloxía	1	1		4				6
Económicas		3		6	4			13
C. Arenal	1	4	1	6	4	2		18
Farmacia		2		4				6
Filoloxía	1	4		6	1			12
Filos., CC.Ed., Píscol.	1	6		7				14
Física e Óptica		2		4				6
Xeografía e Historia		4		6	1			11
Matemáticas		2		4				6
Medicina	1	2		5				8
Química		2		6	1			9
Enfermería				2				2
CC. Comunicación		2		4				6
Intercentros - Lugo	1	6	1	11	7	1		27
Maxisterio		1		3				4
<b>TOTAIS</b>	<b>15</b>	<b>55</b>	<b>7</b>	<b>91</b>	<b>22</b>	<b>6</b>	<b>1</b>	<b>197</b>

Ademais, prestou servizo na BUSC 1 Técnico Especialista en Informática contratado en virtude dos programas de I+D da Xunta de Galicia.

Así mesmo, ao amparo de Programa Labora, Universidade-Xunta de Galicia, a Biblioteca conta, dende outubro de 2005, cunha persoa contratada para apoio dos programas da Sección de Proceso Técnico.

## PROMOCIÓN INTERNA

En maio de 2005, leváronse a cabo as probas selectivas para cubrir, por promoción interna, 86 prazas da escala de auxiliares de arquivos, bibliotecas e museos da USC, encadradas no Grupo C. Presentáronse 79 aspirantes, superando todos eles as probas. A toma de posesión realizouse no mes de setembro.

## FORMACIÓN

A Dirección da Biblioteca forma parte da Comisión de Formación do PAS dende a súa constitución. De acordo con isto participa na planificación e desenvolvemento anual das accións formativas propostas.

Dentro do **Plano de Formación da Xerencia da USC** desenvolvéronse os seguintes cursos:

- Il Parte do Curso Preparatorio para a Escala de Auxiliares de Arquivos, Bibliotecas e Museos, Grupo C, con titorías telemáticas e programa e leccións desenvolvidas en web.
- Xestión do coñecemento.
- Xestión de persoas baseada en competencias.
- Introducción ao posto de traballo bibliotecario.
- Actualización do programa de xestión da Biblioteca Universitaria: Millenium Silver. Módulo de Seriadadas.
- Actualización do programa de xestión da Biblioteca Universitaria: Millenium Silver. Módulo de Catalogación.
- Actualización do programa de xestión da Biblioteca Universitaria Millenium Silver: Módulo de Circulación: Creación de Bibliografía Recomendada.
- Sistemas de Información en Bibliotecas.
- E-Learning Tic para a aprendizaxe e a formación nas bibliotecas universitarias:

No **Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia**:

- ENCompass for Resource Access Application Training



Canto da **formación externa**, os cursos desenvolvidos foron:

- Mejora por la Calidad en las Bibliotecas Universitarias: Madrid, SEDIC (Sociedad Española de Documentación e Información Científica).
- Preservación de recursos de información dixital dende a perspectiva do tratamento documental e técnico: Curso on-line UOC-Rebiun.
- Preservación de recursos de información dixital dende a perspectiva legal: Curso on-line UOC-Rebiun.
- Organización e recuperación da Información (ORI): Curso on-line UOC-Rebiun.

## INTRANET

En 2005 púxose en marcha a Intranet da BUSC, enmarcada nas accións de mellora contempladas no Informe Final de Avaliación, co obxectivo de favorecer a comunicación entre todos os membros do persoal, así como a determinación dos procedementos de comunicación e difusión das decisións e proxectos.

O proxecto desenvolveuse ao longo de boa parte do ano, quedando rematada a fase piloto o 30 de setembro. Conta cun repositorio de documentos, xestión de proxectos e tarefas, foros de discusión, novidades, calendario, e diversas utilidades.

# IntraBUSC

Hoxe é: 24/01/2006  
Conectado: ADMIN

[Principal](#) | 
 [Proxectos](#) | 
 [Tarefas](#) | 
 [Directorio BUSC](#) | 
 [Utilidades](#) | 
 [Pechar sesión](#)

**Principal BUSC**

- [Catálogo](#)

**Novidades**

**Documentos**

- [Adquisicións](#)
- [Equipamento e software](#)
- [Estadísticas](#)
- [Estudos e análises](#)
- [Instalacións](#)
- [Intranet](#)
- [Normativa](#)
- [Organización](#)
- [Outros recursos](#)
- [Planificación](#)
- [Procesos](#)
- [Proxectos](#)
- [Recursos económicos](#)
- [Recursos humanos](#)
- [Servizos](#)
- [Usuarios](#)
- [Web](#)

**Utilidades**

- [Axuda](#)
- [Calendario](#)
- [Directorio BUSC](#)

**NOVIDADES**

20/01/2006 - Modificacións na Biblioteca de Enfermería  
... [máis >>](#)

20/01/2006 - Presupostos 2006  
Dende a Sección de Presupostos da USC chegou a comunicación á Biblioteca dos créditos iniciais asign... [máis >>](#)

16/01/2006 - Estadísticas da base de datos 2005  
... [máis >>](#)

12/01/2006 - Estadísticas anuais 2005  
... [máis >>](#)

29/12/2005 - Tutorial CRAI - Rebiun  
... [máis >>](#)

**FOROS DE DISCUSIÓN**

- [Proxecto: Grupo de mellora de publicacións seriada - \(1 mensaxes\) - 05/07/2005](#)
- [Proxecto: Elaboración dun programa de formación de - \(1 mensaxes\) - 04/07/2005](#)
- [Proxecto: Desenvolvemento dun sistema de comunicac - \(3 mensaxes\) - 01/07/2005](#)

**BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA**

Creación de Centros de Recursos para el Aprendizaje/Andrew McDonald  
Intranets: sonrisas y lágrimas  
Adela d'Alòs-Moner. En: El Profesional de la Información, Vol.11, núm.1 enero-

**CALENDARIO**

ENERO 2006

Do	Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

[Picar para vista completa](#)

**ACCESOS RÁPIDOS**

- [Diario Oficial de Galicia](#)
- [DataswetsConnect](#)
- [Bugalicia](#)
- [Rebiun - Catálogo](#)

**Axuda**

[Como entrar na Intranet](#)  
[Documentos - Cargar documentos](#)  
[máis >>](#)

**ENQUISA**

"¿Que che parece a Intranet?" - 25 Respostas  
Moi ben 52%

## INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO

Neste apartado hai que salientar varias actuacións durante o ano 2005.

Levou a cabo o estudo e preparación das previsións de amoblamento, cableado e conxunto de necesidades da nova Biblioteca de Filosofía así como a preparación do traslado do material bibliográfico á nova biblioteca para a súa apertura a principios de 2006. No mes de decembro de 2005 o amoblamento estaba completado e, no momento de redactar esta Memoria se está a proceder a ubicación dos fondos e á preparación dos equipos de traballo para o persoal e usuarios.

A Biblioteca está situada no primeiro andar e o soto, cunha superficie total de 1.010 m<sup>2</sup>. Conta con 88 postos de lectura e 2.290 m. lineais de estanterías para a ubicación dos fondos que ascenden a 33.000 volumes de monografías e 530 títulos de publicacións periódicas.

Na Biblioteca de Farmacia, coa financiación do centro e da Vicerreitoría de Calidade e Planificación Estratéxica, acondicionouse unha sala do soto como sala de lectura acadando 160 novos postos de lectura.

Tamén durante 2005 comezou a aplicarse o proxecto de millora da instalación eléctrica nos depósitos da Biblioteca Xeral coa zonificación da instalación e a adecuación da iluminación ás características dos fondos. A primeira actuación levouse a cabo no depósito de fondo antigo.

Na Biblioteca Intercentros do Campus de Lugo, durante o mes de agosto, procedeuse á reorganización dunha parte da colección da Sala de Información e Referencia. O obxectivo era deixar espazo nesta sala para ubicar nela seis estacións de traballo; para isto trasladáronse á Sala de Humanidades unha parte das estanterías e fondos (sobre 500 vols) da Sala de Información. Este traslado obrigou a reorganizar toda a sala de Humanidades (28.396 vols.).

Na Biblioteca da Escola Universitaria de Enfermería fíxose unha reordenación e adaptación de espazos. A obra supón a unión visual do espazo da sala de lectura co depósito e espazo de traballo mediante a substitución dun tabique por unha mampara de cristal practicable que facilita a sensación de cercanía co persoal da biblioteca e permite unha indubtable millora do servizo. Coa axuda da Dirección da Escola instaláronse tamén oito estacións de traballo para os alumnos dentro da sala de lectura.

Cara á implantación dos requerimentos dos novos modelos de Biblioteca (CRAI), a BUSC comezou a instalación de estacións de traballo nalgúns puntos de servizo. As estacións de traballo consisten en ordenadores dedicados ao traballo persoal dos usuarios con fins académicos e acceso aos servizos electrónicos da BUSC. Coa financiación da Vicerreitoría de Calidade e Planificación Estratéxica, adquiríronse 12 estacións de traballo e 2 impresoras en rede para as Bibliotecas de Filoloxía e Intercentros de Lugo (6 estacións e 1 impresora por biblioteca). Na Biblioteca de Enfermería, aportadas pola Dirección da Escola, existen 8 estacións, na Biblioteca Xeral 2 e na Biblioteca da Escola de Formación do Profesorado 2.

Como en anos anteriores, cos fondos dedicados a equipamento e os ingresos procedentes do Préstamo Interbibliotecario, puido facerse fronte á substitución dalgúns equipos de traballo obsoletos, avariados ou roubados. No cadro seguinte pode verse unha relación dos equipos adquiridos, por un importe de 57.483,90 €.


<b>BIBLIOTECA</b>		
Bioloxía	1	Escáner
CC.Comunicación	1	Ordenador
Farmacía	3	Ordenador
Filoloxía	1	Impresoras
Filoloxía	7	Ordenador
Filosofía	5	Ordenador
Física	1	Ordenador
Formación Profesorado	2	Ordenador
Intercentros Lugo	1	Escáner
Intercentros Lugo	7	Ordenador
Medicina	1	Ordenador
Psicoloxía	1	Ordenador
Química	1	Ordenador
Xeografía e Historia	1	Ordenador
Xeral	1	Disco duro 146GB
Xeral	3	Disco duro 300GB
Xeral	1	Disco duro externo
Xeral	3	Impresoras
Xeral	1	Monitor
Xeral	8	Ordenador
Xeral	1	Portátil
Xeral	1	Tarxeta Custodius
Xeral	1	Unidade AIT2 80/200

## DESENVOLVEMENTO DAS COLECCIÓN

En 2005 ingresaron na BUSC 31.954 títulos de monografías, un 12,27% máis que no ano anterior. Destes títulos, 24.241 (20,32% máis que en 2004) adquiríronse co presuposto da BUSC ou de Departamentos, Proxectos de Investigación ou Centros (ver táboas no apartado de Presuposto). Por intercambio ingresaron 2.185 (un 10,63% máis que en 2004) e por doazón 5.528 (12,79% menos que no ano anterior).

A distribución destes ingresos por biblioteca poden verse na táboa e gráfico seguintes:


CENTRO	MONOGRAFÍAS			
	Compra	Intercambio	Doazón	TOTAL
B. Xeral	4.352	342	1.459	6.153
Bioloxía	435	88	83	606
Económicas	1.158	109	600	1.867
C.Arenal	3.918	465	821	5.204
Farmacia	252	17	98	367
Filoloxía	2.841	359	504	3.704
Fa, Cc. Educ. Psicol	3.464	129	443	4.036
Física Optica	355	42	77	474
Xeografía e Historia	1.361	436	420	2.217
Matemáticas	632	20	6	658
Medicina	546	39	142	727
Química	288	7	25	320
ETSE	305	7	35	347
Intercentros	2.939	93	532	3.564
CC. Comunicación	857	16	198	1.071
Formación Profesorado	261	10	50	321
Enfermería	253	6	34	293
Observatorio	24		1	25
<b>TOTAIS</b>	<b>24.241</b>	<b>2.185</b>	<b>5.528</b>	<b>31.954</b>




En abril de 2005 incorporáronse aos fondos da Biblioteca Xeral trinta volumes da biblioteca particular do eminente xurista e xornalista D. Alfredo Brañas, doados pola familia Díaz de Rábago Pérez.

A distribución, durante 2005, das coleccións de publicacións periódicas, pode verse na táboa e gráfico seguintes:

CENTRO	PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS					TOTAL Abertas Pechadas
	Pechadas	Abertas			Total Abertas	
	Títulos pechados	Compra	Doazón	Interc.		
B. Xeral	9.536	97	613	145	855	10.391
Bioloxía	803	110	29	145	284	1.087
Económicas	2.013	290	314	71	675	2.688
C.Arenal	2.734	522	169	122	813	3.547
Farmacia	1.293	94	63	56	213	1.506
Filoloxía	1.163	540	93	247	880	2.043
Fa, Cc. Educ. Psicol	1.511	371	100	217	688	2.199
Física Óptica	465	64	13	6	83	548
Xeografía e Historia	1.630	345	78	254	677	2.307
Matemáticas	324	155	25	40	220	544
Medicina	1.932	206	82	8	296	2.228
Química	584	58	12	8	78	662
ETSE	40	37	10	1	48	88
Intercentos	1.062	286	85	85	456	1.518
CC. Comunicación	309	71	245	11	327	636
Formación Profesorado	159	59	46	15	120	279
Enfermería	51	19	12	-	31	82
Observatorio	318	15	21	-	36	354
<b>TOTAIS</b>	<b>25.927</b>	<b>3.339</b>	<b>2.010</b>	<b>1.431</b>	<b>6.780</b>	<b>32.707</b>



No referente á preservación e restauración, o recorte sufrido polo presuposto na Aplicación 220 en 2004 e que non se incrementou en 2005, non permitiu abordar a restauración de exemplares do fondo histórico, agás no caso da obra de 1590 “*Commentariorum ac disputationum in tertiam partem divi thomae*” do teólogo Francisco Suárez, exemplar único nas bibliotecas españolas, con motivo do seu préstamo para a exposición “Las Universidades hispánicas en tiempos del Quijote”. O custo de restauración desta obra correu a cargo dos patrocinadores da exposición.




## BASE DE DATOS BIBLIOGRÁFICA E PROCESOS


A base de datos bibliográfica da BUSC continúa incrementándose coa incorporación dos rexistros das novas adquisicións, xa sexa por compra, doazón ou intercambio, e das catalogacións que se fan sobre o fondo histórico da Biblioteca Xeral, do que a meirande parte está, aínda, sen automatizar.

Nos gráficos seguintes pode verse a distribución de rexistros bibliográficos, de exemplar e catalogacións analíticas do catálogo da BUSC.


### CATÁLOGO COMPLETO



## CATÁLOGO GALICIA



## CATÁLOGO XERAL



En xaneiro 2005 actualizouse o programa de xestión da base de datos, Millennium, á versión Silver 1.1. Con motivo desta actualización redactouse unha Guía de Catalogación na versión Millennium Silver (publicada na Intranet da BUSC) e realizáronse varias sesións de formación dirixidas aos facultativos e axudantes para darlles a coñecer as novas funcionalidades da versión Silver nos Módulos de Catalogación e Seriadadas. En setembro fíxose unha nova actualización á versión 2005. Esta actualización supuxo cambios menores nas funcionalidades dos Módulos de Catalogación e Seriadadas.

En outono de 2005 comeza a traballar na Biblioteca Xeral unha persoa contratada a través do Programa Labora que segue a revisar os rexistros de Autoridade de autores galegos. A revisión faise dende este momento co obxectivo de ofrecer na páxina Web da BUSC unha Base de Datos de Autores Galegos, que permita a consulta dos rexistros de autoridade e, a partir deles e mediante un enlace, a consulta das obras no Catálogo da BUSC. Este proxecto está previsto poñelo en marcha a principios do ano 2006.

Ao longo do mes de novembro fíxose a revisión do Catálogo de Teses da USC, incorporándose a este catálogo de busca as teses publicadas polo Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago. Coa colaboración deste Servizo está previsto subministrar o acceso ao texto dixitalizado das teses naqueles casos nos que se conte coa autorización expresa do autor.

En xuño de 2005 constituíuse o Grupo de Traballo de Publicacións Seriadadas baixo a responsabilidade da Subdirección Técnica e a Xefatura de Negociado de Publicacións Periódicas, cos seguintes obxectivos:

- Contribuír á mellora do rendemento e a calidade do proceso técnico nas publicacións seriadadas na BUSC, para acadar unha maior accesibilidade do catálogo para os usuarios, homoxeneidade e calidade nas dinámicas de traballo, así como unha mellor explotación da información contida no catálogo.
- Analizar aqueles aspectos relativos á xestión das publicacións seriadadas que plantexen problemas, poñan de relevo dificultades e, en definitiva, manifesten necesidades, e realizar sobre eses temas propostas de actuación concretas.
- Servir de referente para o resto do persoal da BUSC á hora de plantexar problemas e abordar necesidades.

Tamén durante 2005, elaboráronse e puxéronse accesibles no Web as Bibliografías Recomendadas e o catálogo de Procedencia das Coleccións.

Canto da acción de mellora proposta no Informe Final de Avaliación da BUSC sobre a definición, estandarización e documentación dos procesos, durante o ano 2005, elaboráronse os seguintes documentos:

- Millennium Adquisicións: Criterios de creación do ficheiro de provedores de publicacións seriadadas
- Millennium Adquisicións: Introducción de Facturas
- Millennium Adquisicións: Manual Innovative
- Millennium Adquisicións: Presuposto. Códigos de Fondo
- Millennium Adquisicións: Proveedor. Códigos de lonxitude fixa
- Millennium Adquisicións: Proveedor. Códigos de información variable
- Millennium Adquisicións: Rexistros de pedido. Códigos de lonxitude variable
- Millennium Adquisicións: Rexistros de pedido. Códigos de lonxitude fixa

- Revisión do Catálogo de Teses da BUSC
- Novidades no Módulo de Seriadadas na versión Millennium 2005
- ISBN de 13 díxitos
- Revisión periódica do Catálogo nos Centros
- Novidades no Módulo de Catalogación na versión Millennium 2005
- Guía de Catalogación Millennium Silver 1.1
- Descrición das publicacións impresas anteriores a 1901
- Codificación MARC das obras en varias linguas
- Millennium: Autoridades
- Millennium: Crear listas
- Guía para a elaboración de Bibliografías Recomendadas
- Normas do Servizo de Préstamo
- Millennium – Guía de circulación 2005
- Contidos mínimos dos cursos de formación de usuarios
- Manual de procedemento para a manipulación de fondos bibliográficos


## SERVIZOS

### ACCESO A BASES DE DATOS

En 2005 continuou o funcionamento do servizo de bases de datos Bugalicia. Dado que non todas as bases teñen unha interface web ou versión Internet, aquelas das que o soporte é o CD ROM continuaron instaladas na Rede de CD-ROMs da BUSC.


Durante este ano a BUSC tivo acceso a 122 bases de datos das que 77 son bases en rede (13 propias da BUSC e 64 de Bugalicia) e 45 son bases en versión monoposto que poden consultarse nas diferentes bibliotecas.

As estatísticas de uso das bases, segundo os datos proporcionados polo Consorcio, e tendo en conta que unhas estatísticas están baseadas en sesións e outras en consultas, ofrecen os seguintes resultados:




A comparación destas estatísticas coas das outras dúas universidades integrantes do Consorcio queda como segue:

Coruña	41.924	28,54%
Santiago	60.456	41,16%
Vigo	44.518	30,30%
<b>Total</b>	<b>146.898</b>	<b>100,00%</b>




Coruña	65.035	14,24%
Santiago	266.167	58,28%
Vigo	125.529	27,48%
<b>Total</b>	<b>456.731</b>	<b>100,00%</b>



Coruña	31.792	17,84%
Santiago	98.818	55,44%
Vigo	47.619	26,72%
<b>Total</b>	<b>178.229</b>	<b>100,00%</b>

O uso das bases de datos da rede da BUSC amosan un total de 8.462 accesos distribuídos como segue:



## LIBROS ELECTRÓNICOS

En 2005 continuou o acceso, a través do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, a unha selección de 103 libros electrónicos do servizo SAFARI Tech Books Online. Os datos de uso deste servizo por parte dos usuarios da Universidade de Santiago ascenden a 1.245 consultas.

Tamén, como parte do paquete do IEEE, pódese acceder a 7.270 IEEE Conference Proceedings e a 1.609 IEEE Standards, aínda que se carece de estatísticas de uso.

## SwetsWise

En 2005 a BUSC continuou ofertando o servizo SwetsWise, que permite o acceso a unha base de datos de sumarios de 19.626 títulos de revistas e o acceso ao texto completo de certo número de revistas ás que a BUSC ten acceso, ben sexa gratuíto por estar subscriba a versión impresa, ben por ter subscriba a edición electrónica.

As estatísticas de uso de SwetsWise durante 2005 ofrecen os seguintes resultados: sobre un total de 1.146 títulos diferentes consultados, fixéronse 13.028 accesos aos sumarios, 390 consultas de abstracts e 5.320 accesos ao texto completo de artigos.


Consultas	2000	2001	2002	2003	2004	2005
	xuño-dec.	xan.-dec.	xan.-out.	xan.-dec.	xan.-dec.	xan.-dec.
<b>Sumarios</b>	9.179	20.736	18.960	28.185	21.521	13.028
<b>Abstracts</b>	985	3.478	1.602	1.953	649	390
<b>Texto completo</b>	5.871	16.198	17.970	16.097	6.119	5.320
<b>TOTAL</b>	<b>16.035</b>	<b>40.412</b>	<b>38.532</b>	<b>46.235</b>	<b>28.289</b>	<b>18.738</b>

## BOLETÍN DE SUMARIOS

En 2005 continuou funcionando o boletín electrónico de sumarios, baseado no servizo SwetsWise, permitindo enviar os sumarios ao buzón de correo electrónico dos usuarios. Durante este ano había 1.272 subscricións de sumarios, a 977 títulos diferentes e por parte de 165 usuarios diferentes. No anexo II, Táboa II, se inclúe o listado dos sumarios máis demandados polos usuarios.

## REVISTAS ELECTRÓNICAS

Segundo as estatísticas proporcionadas polos editores e o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, e aínda que non se posúen de todos os títulos, a BUSC tivo acceso durante 2005 a 13.675 títulos diferentes a texto completo. Non se inclúen nesta cifra os 1.609 Standards nin os 7.270 Proceedings do IEEE, pero si as revistas da BUSC que non aparecen en ningún dos paquetes accesibles a través do Consorcio e as




incluídas nas bases de datos a texto completo Business Source Premier e Periodical Contents Index. Das revistas exclusivamente da BUSC só se posúen estatísticas daquelas ofertadas a través do servizo SwetsWise.


Dos 13.675 títulos, e tendo en conta, como sinalabamos máis arriba, que non se posúen estatísticas de todos eles, fixéronse un total de 348.014 descargas de artigos a texto completo.

Nos gráficos seguintes poden verse os datos totales e as porcentaxes correspondentes a cada editor. Compre destacar o elevado número de descargas feitas sobre o servizo ScienceDirect de Elsevier que ascenderon a 166.221, supoñendo un 48% do total.

### Descargas de artigos a texto completo 2005




### Descargas de artigos a texto completo 2005 - Porcentaxes



Estadísticas máis detalladas cos títulos das revistas máis utilizadas poden verse no Anexo II, Táboa I.

## WEB

O contador da páxina web da BUSC amosa que no ano 2005 houbo un total de 673.125 accesos á páxina de entrada (21,19 % máis que en 2004). Canto da versión en negativo do Web, os accesos á súa páxina principal ascenderon a 5.542 durante 2005 (o ano anterior foron 1.348 dende a súa apertura en outubro). No seguinte gráfico pode verse a tendencia de uso do Web durante os últimos anos.



Ademais do contador, o Web estaba dado de alta nun sistema de estatísticas gratuíto, localizado nun servidor alleo, co que se podían ter datos de visitas por horas, por países, etc. En setembro de 2005 os responsables do servizo gratuíto de estatísticas comezaron a introducir publicidade nos webs aos que prestaba o servizo mediante o sistema de ventás emerxentes, polo que a BUSC viuse obrigada a dar de baixa o seu web de dito servizo. As estatísticas do ano 2005, ata setembro, poden verse ao final do Anexo II. Dende finais de outubro estase testeando un novo sistema de estatísticas (freeware) aloxado no servidor web da BUSC.

En setembro de 2005 puxéronse accesibles no Web as Bibliografías Recomendadas<sup>1</sup>, elaboradas polas diferentes bibliotecas baixo a responsabilidade da Xefatura da Sección de Servizos. Estas bibliografías permiten poñer a disposición dos alumnos, a través do web, as listas de lecturas recomendadas polos profesores para cada asignatura e fixéronse en base, principalmente, á información dispoñible na páxina web da USC no apartado Titulacións, incluíndo soamente aqueles títulos que se atopaban no catálogo.

En outubro activouse na páxina Web da BUSC un novo catálogo de busca, preparado pola Sección de Procesos, chamado Procedencia das Coleccións, que permite a busca polo nome do antigo posuidor dos exemplares, sexa tanto persoal como institucional.<sup>2</sup>

## FORMACIÓN DE USUARIOS

A elaboración dun programa de formación de usuarios é unha das accións de mellora propostas no informe final de avaliación da BUSC que se abordou en 2005.

A Sección de Servizos da BUSC preparou un tutorial común a todas as bibliotecas, a “Guía de servizos aos usuarios”<sup>3</sup> para utilizar como guiión das sesións de presentación que todas as bibliotecas fan ao principio de curso

<sup>1</sup> Bibliografías recomendadas: [http://iacobus.usc.es/screens/course\\_gag.html](http://iacobus.usc.es/screens/course_gag.html)

<sup>2</sup> Catálogo Procedencia das Coleccións: [http://iacobus.usc.es/search\\*gag/h](http://iacobus.usc.es/search*gag/h)

<sup>3</sup> Guía de servizos aos usuarios: <http://busc.usc.es/Servizos/presentacion.swf>

nos seus respectivos centros, e levou a cabo a planificación do tipo de cursos a impartir (cursos introductorios, especializados e a demanda) e os contidos mínimos dos mesmos.

No mes de outubro quedaba completada a acción para o último trimestre de 2005 e comezaba o desenvolvemento dos distintos cursos.



O número de cursos convocados e impartidos durante o último trimestre de 2005 pode verse no seguinte cadro:

FORMACIÓN USUARIOS 2005	Introductorios		Especializados		Demanda		Total	
	Cursos	Sesións	Cursos	Sesións	Cursos	Sesións	Cursos	Sesións
Biblioteca								
<b>Xeral</b>	1	2	-	-	-	-	1	2
<b>Bioloxía</b>	2	9	1	1	2	2	5	12
<b>Económicas e Empresariais</b>	1	6	-	-	-	-	1	6
<b>Concepción Arenal</b>	2	9	1	4	9	10	12	23
<b>Medicina e Odontoloxía</b>	-	-	-	-	-	-	-	-
<b>Farmacía</b>	1	4	1	1	-	-	2	5
<b>Filoloxía</b>	1	5	-	-	-	-	1	5
<b>Filosofía, CC. Educ. e Psicol.</b>	3	24	2	3	-	-	5	27
<b>Física e Óptica</b>	1	1	-	-	-	-	1	1
<b>Xeografía e Historia</b>	1	5	-	-	-	-	1	5
<b>Intercentros - Lugo</b>	1	7	-	-	-	-	1	7
<b>Matemáticas</b>	-	-	-	-	-	-	-	-
<b>Formación do Profesorado</b>	1	1	5	5	-	-	6	6
<b>Química</b>	2	2	2	2	-	-	4	4
<b>C. Comunicación</b>								
<b>TOTAIS</b>	17	75	12	16	11	12	40	103

O número de asistentes entre os alumnos de 1º, 2º e 4º ciclos ascendeu a 2.001 e entre alumnos de 3º ciclo, masters, postgrado, profesores/investigadores a 131.

## CONSULTA EN SALA

Do servizo de consulta en sala soamente se posúen datos sobre fondos en acceso pechado xa que das instalacións en acceso directo non é posible obter información sobre o número real de consultas en sala.

En 2005 servíronse un total de 39.312 documentos no conxunto da BUSC, dos que 22.171 corresponden a libros, 14.146 a publicacións periódicas e 2.995 a outros tipos de material. Os datos pormenorizados por bibliotecas poden verse no Anexo estatístico.

## PRÉSTAMO A DOMICILIO

Canto dos datos referentes ao préstamo a domicilio, amosan que en 2005 houbo un total de 354.874 préstamos no conxunto da BUSC o que supón unha diminución do 8,13% respecto a 2004,

	2000	2001	2002	2003	2004	2005
<b>B.Xeral</b>	53.467	50.478	38.943	35.427	35.706	31.971
<b>Bioloxía</b>	20.001	18.446	16.476	16.250	15.852	15.158
<b>Económicas</b>	34.155	25.686	23.754	21.207	21.822	21.178
<b>Der., Pol., R. Lab.</b>	16.084	22.080	22.281	29.329	33.544	34.972
<b>Farmacía</b>	9.965	8.999	8.820	7.958	8.369	8.056
<b>Filoloxía</b>	55.949	47.554	44.239	44.111	43.096	38.898
<b>Fil., CC. Ed., Psi.</b>	62.594	58.834	55.326	61.910	51.576	48.401
<b>Física e Óptica</b>	18.338	18.929	13.933	13.097	13.327	11.412
<b>Xeografía e H<sup>a</sup></b>	42.289	37.626	34.739	32.546	33.975	31.935
<b>Matemáticas</b>	13.612	11.681	10.837	10.154	11.089	11.013
<b>Medicina</b>	17.445	19.785	17.845	18.023	17.308	16.520
<b>Química</b>	15.879	16.944	17.262	15.271	14.599	7.654
<b>ETSE</b>						5.346
<b>Xornalismo</b>	8.551	15.012	17.407	19.334	18.346	14.139
<b>Enfermería</b>	3.811	3.770	4.446	4.009	4.527	4.347
<b>ICE</b>	1.116	1.205	716	780	442	
<b>Intercentros Lugo</b>	80.535	72.861	60.260	54.050	52.700	45.177
<b>Maxisterio Lugo</b>	7.313	7.770	10.325	11.280	10.018	8.697
	461.104	437.660	397.609	394.736	386.296	354.874

## PRÉSTAMO INTERBIBLIOTECARIO

Ao longo do ano, no Servizo de Préstamo Interbibliotecario realizáronse 11.971 transaccións de solicitudes de documentos, o que supón unha diminución do 19,08 % respecto de 2004. A demanda de documentos das coleccións da BUSC por outras bibliotecas, maioritariamente bibliotecas pertencentes a REBIUN, diminuíu un 24,25 % (6.508 documentos fronte aos 8.592 do ano anterior). O número de solicitudes feitas por usuarios da BUSC a outras bibliotecas tamén diminuíu, un 11,91 % menos que en 2004 (5.463 solicitudes fronte ás 6.202 do ano anterior).

Nos seguintes cadros poden verse os datos estatísticos do ano 2005:

As solicitudes non cursadas ou canceladas non se tramitaron por non encontrarse os documentos en España e non desexar os usuarios que se pedisen ao estranxeiro, ou ben se tramitaron e posteriormente se cancelaron por ser os datos de referencia erróneos ou incompletos.

<b>Documentos obtidos de centros externos</b>	<b>Copias</b>	<b>Préstamos</b>	<b>Total</b>
<b>Solicitudes recibidas</b>	4,731	732	5,463
<b>Solicitudes non cursadas</b>	97	9	106
<b>Documentos solicitados</b>	4,634	723	5,357
<b>Documentos obtidos</b>	3,930	674	4,604
<b>Documentos non obtidos</b>	244	27	271
<b>Solicitudes canceladas</b>	268	-	268
<b>Solicitudes en trámite</b>	192	22	214

<b>Documentos servidos a centros externos</b>	<b>Copias</b>	<b>Préstamos</b>	<b>Total</b>
<b>Documentos solicitados</b>	5,008	1,500	6,508
<b>Documentos subministrados</b>	4,339	1,241	5,580
<b>Documentos non subministrados</b>	657	259	916
<b>Solicitudes canceladas</b>	7	-	7
<b>Solicitudes en trámite</b>	5	-	5

Os documentos que non se subministraron corresponden a números de revistas que faltan nas coleccións da BUSC no caso das copias, e fondos excluídos de préstamo no caso das solicitudes de préstamo.

Ubicación das coleccións demandadas

<b>DOCUMENTOS SUBMINISTRADOS POR BIBLIOTECAS DA USC</b>				
<b>BIBLIOTECA</b>	Centros externos	Usuarios da USC	Universidade de Vigo	<b>Totais</b>
<b>B. Xeral</b>	420	-	-	420
<b>Bioloxía</b>	395	213	11	619
<b>CC. Económicas</b>	123	42	7	172
<b>Concepción Arenal</b>	407	55	29	491
<b>Farmacía</b>	676	256	19	951
<b>Filoloxía</b>	808	92	11	911
<b>Filosofía, CC. Educación, Psicoloxía</b>	436	419	22	877
<b>Física e Óptica</b>	98	16	19	133
<b>Xeografía e Historia</b>	299	32	19	350
<b>Matemáticas</b>	175	25	-	200
<b>Medicina</b>	813	438	22	1.273
<b>Química</b>	558	379	38	975
<b>CC. Comunicación</b>	13	16	-	29
<b>Intercentros Lugo</b>	242	100	16	358
<b>Formación do Profesorado</b>	8	14	-	22
<b>ETSE</b>	109	19	-	128
<b>TOTAIS</b>	<b>5.580</b>	<b>2.116</b>	<b>213</b>	<b>7.909</b>

## Procedencia das solicitudes dos usuarios da USC

<b>DOCUMENTOS SOLICITADOS POR USUARIOS DA USC</b>	
<b>BIBLIOTECA</b>	<b>Documentos</b>
<b>B. Xeral</b>	817
<b>Bioloxía</b>	99
<b>CC. Económicas</b>	54
<b>Concepción Arenal</b>	84
<b>Farmacía</b>	365
<b>Filoloxía</b>	349
<b>Filosofía, CC. Educación, Psicoloxía</b>	402
<b>Física e Óptica</b>	117
<b>Xeografía e Historia</b>	90
<b>Matemáticas</b>	31
<b>Medicina e CHUS</b>	1,433
<b>Química</b>	128
<b>CC. Comunicación</b>	24
<b>Intercentros Lugo</b>	506
<b>Formación do Profesorado</b>	15
<b>ETSE</b>	9
<b>Institutos de Investigación</b>	123
<b>TOTAIS</b>	<b>4,646</b>

## SERVIZO DE ORDENADORES

En 2005 púxose en marcha o Servizo de ordenadores da BUSC. Ademais dos puntos de consulta do catálogo (Web-Opac) e as estacións de información que ofrecen acceso a todos os recursos de información electrónicos da Biblioteca, a BUSC conta, dende o mes de outubro, en varias das súas bibliotecas, con estacións de traballo consistentes en ordenadores dedicados ao traballo persoal dos usuarios (Internet, correo electrónico e aplicacións ofimáticas como Word, Excel, Access...) con fins académicos e acceso aos servizos electrónicos da BUSC (Bases de datos, Revistas electrónicas, Catálogo...).

Tamén ofrece a BUSC facilidades para a utilización de ordenadores portátiles nas súas instalacións: conexión á corrente eléctrica dende os puntos de lectura electrificados, traballo con ordenadores portátiles que teñan conexión sen cables á rede WIFI da USC e préstamo de tarxetas de conexión a dita rede.

## REDES, COOPERACIÓN E PROXECCIÓN EXTERIOR

En 2005 a Biblioteca Universitaria continuou a colaboración co Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia centrada, fundamentalmente, na selección e adquisición do xestor LinkFinderPlus e o metabuscador ENCompass para poder abordar a xestión, actualización e mantemento dos recursos electrónicos consorciados e os propios de cada biblioteca pertencente ao Consorcio; a análise da colección de publicacións periódicas da BUSC según o seu factor de impacto; e, finalmente, o estudo e proposta de novas adquisicións de bases de datos e paquetes de revistas electrónicas para o ano 2006, dándose de baixa o servizo de libros electrónicos Safari Tech Books Online e subscribíndose as bases de datos: SportDiscus, LexisNexis e Westlaw Prácticos (Social, Fiscal e Administración Local).

Como membro do Grupo de Patrimonio Bibliográfico de REBIUN, a Biblioteca Universitaria levou a cabo unha cooperación activa no plantexamento e desenvolvemento da exposición *“Don Quijote en las Bibliotecas Universitarias Españolas”*, que se inaugurou en setembro de 2005 na Universidad de Castilla-La Mancha, así como na elaboración do catálogo da mesma.

Así mesmo, dentro da colaboración con REBIUN, a BUSC encargouse da traducción do tutorial dos CRAI (Centro de Recursos para a Aprendizaxe e a Investigación), elaborado para a *“Exposición virtual de CRAI”*<sup>1</sup> organizada polo Grupo de Traballo da Liña 1 do Plano Estratéxico de REBIUN.

En outubro de 2005 a Universidade de Santiago asinou un convenio de colaboración coa Universidad de La Rioja para a participación da BUSC, entre outras bibliotecas universitarias españolas, en DIALNET. Trátase dun proxecto cooperativo para a elaboración dunha base de datos que permita aumentar a difusión e a accesibilidade da literatura científica hispana, potenciando o acceso libre e gratuito á mesma a través de Internet. No momento de redactar esta memoria, a base de datos de DIALNET<sup>2</sup> conta con máis de 780.000 rexistros de artigos científicos hispanos, dos que máis de 60.000 son a texto completo.

En virtude do convenio asinado coa Fundación Cidade da Cultura en 2004, durante 2005 levouse a cabo a dixitalización do fondo galego de monografías do século XIX, ata 1870.

Dentro do Convenio Marco de Colaboración entre a Universidade de Santiago e o Banco Santander Central Hispano, para a dixitalización dunha serie de obras da Biblioteca América co obxecto da súa inclusión nos diferentes portais da Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, en 2005 se procedeu a dixitalizar 29 títulos de monografías e 13 de publicacións periódicas.

<sup>1</sup> <http://bibliotecnica.upc.es/rebiun/nova/jornadas/CRAI/videocrai2.html>


<sup>2</sup> <http://dialnet.unirioja.es/>

Como en anos anteriores, a BUSC colaborou con diversas exposicións:

- A Galicia Moderna, Centro Galego da Arte Contemporánea, 16 de decembro de 2004 ao 27 de marzo de 2005.
- 30 Años de exilio Saharai, Asociación Enxeñaría sen Fronteiras, Biblioteca Intercentros Campus de Lugo, marzo 2005.
- A Galicia Moderna, Círculo de Bellas Artes de Madrid, 14 de abril ao 22 de maio de 2005
- Para o deus Breo Brero. Aras do Facho de Donón, Museo Municipal Quiñones de León, Vigo, setembro-novembro 2005.
- El Quijote en las Bibliotecas Universitarias Españolas, Universidad de Castilla-La Mancha, sede de Ciudad Real, 17 outubro a 25 de novembro, sede de Albacete, 12 de decembro-10 de xaneiro 2006-
- A Galicia Industrial (1750-2005), Fundación Barrié de la Maza, A Coruña, setembro-novembro
- Os Artistas de Anxel Casal, Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela, outubro-décembro 2005.
- Las Universidades Hispánicas en tiempos del Quijote, Universidad de Alcalá - Consejería de Cultura y Deportes de la Comunidad de Madrid - Comisión IV Centenario de El Quijote, Madrid, novembro 2005-xaneiro 2006.
